

PROGRAMA DE MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

INTRODUCCIÓN

A mediación é un método estruturado de resolución de conflitos no que unha terceira parte asiste ás persoas en conflito escoitando as súas preocupacións, facilitando a comunicación e axudándolles a negociar. Os/as mediadores/as intentan axudar ás partes a crear solucións nas que ambas persoas resultan gañadoras. Aínda que a persoa mediadora faise cargo do proceso, as partes manteñen a capacidade de tomar decisións respecto da solución do conflito.

OBXECTIVOS

- Resolver os conflitos que, por calquera circunstancia, non puideron ser manexados polas partes implicadas.
- Permitir a participación dos membros da comunidade escolar na solución dos seus propios conflitos.
- Ensinar habilidades de resolución de conflitos aos colectivos implicados no programa.
- Mellorar a convivencia.
- Reducir os niveis de violencia.

PRINCIPIOS DA MEDIACIÓN

A mediación é un exercicio de respecto, de diálogo e de toma de decisións conxuntas no que se fomenta que as partes protagonistas do conflito asuman a súa responsabilidade no mesmo.

1.- Voluntariedade. As partes acoden á mediación voluntariamente e poden decidir abandonala en calquera momento. Ninguén pode ser obrigado a dialogar nin a solucionar colaborativamente un conflito.

2.- Autonomía da decisión. As partes conservan a capacidade de tomar decisións respecto do seu conflito. A persoa mediadora non pode impoñer ningún tipo de solución, non é un xuíz nin un árbitro.

3.- Neutralidade e imparcialidade. A persoa mediadora non se sitúa a favor de ningunha das partes e non ten interese en ningún tipo de resultado en canto á solución.

4.-Confidencialidade. O proceso é confidencial e o que se di na mediación non pode repetirse noutro foro.

5.-Boa fe. As partes acoden ao proceso de mediación porque o seu obxectivo é, realmente, solucionar o conflito.

CONFLICTOS MEDIABLES

Os conflitos máis adecuados para a mediación son os de carácter interpersonal como:

- Amizades que se deterioraron.
- Faltas de respecto.
- Rumores e malentendidos.
- Obxectos persoais.
- Espazos de xogo.
- Discriminación ou hostigamento.

Un conflito non será mediable:

- Se non se cumpren os principios da mediación.
- Cando o regulamento do centro determina que a situación debe conducirse por vía disciplinaria.
- Cando existe un desequilibrio de poder importante entre as partes, por exemplo nos casos de maltrato entre compañeiros/as.
- Cando non se trata dun conflito de carácter interpersoal ou os temas non son negociables.

O EQUIPO MEDIADOR

As características do mediador serán:

- Potencial de liderazgo, xa sexa positivo ou negativo.
- Ser respectado/a polos seus compañeiros/as e inspirar confianza.
- Ter o desexo de axudar a outros/as alumnos/as.
- Ter facilidade de palabra.
- Ser paciente e manter a calma.
- Ter sentido do humor.
- Ter iniciativa.
- Estar disposto/á comprometerse co programa de mediación durante un curso escolar completo.

O equipo de mediadores/as estará integrado por 5 alumnos/as de 5º e 5 alumnos/as de 6º elixidos de entre os voluntarios como marca o programa (unha parella formada por un alumno de 5º e outro de 6º, para cada día da semana).

Contemplantase tamén a elección de 4 alumnos de 4ºA e 4ºB, que aínda non mediarán pero participarán no programa asistindo as reunións coa idea de formalos para o seguinte curso.

*No caso de que faltara algún dos mediadores de 5º ou de 6º que lles corresponda ese día, o titor deberá informar na xefatura de estudos e se dará aviso a algún dos alumnos voluntario de 4º que acompañaría ao mediador que queda só ese día como axudante de mediación.

Nos recreos que se fagan a cuberto por chuvia, un de 6º estará no pavillón acompañado dun axudante de 4º e un de 5º permanecerá nos porches tamén acompañado por outro axudante de 4º.

Os mediadores comprométense a:

- Participar nun adestramento especial de mediación.
- Cumprir coas quendas de mediación que se lle asignan.
- Reencher as fichas de rexistro das mediacións.
- Acudir ás reunións quincenais de seguimento.
- Recuperar o traballo de clase necesario.
- Permanecer no programa como mediador/a durante todo o curso.

A posta en marcha da mediación levarana a cabo a xefatura de estudos e o departamento de orientación.

O Departamento de Orientación será o encargado de formar aos mediadores.

Unha vez formados, empezará a funcionar a mediación nos recreos.
Os equipos estarán compostos por un alumno de 5º e outro de 6º e cada equipo terá asignado un día á semana.

Estes equipos irán debidamente identificados e moveranse por todo o patio.

Cada 15 días haberá unha reunión de mediadores co Orientador para detectar problemas e mellorar a mediación (durante o Plan Lector que o orientador determine).

OS MOMENTOS DA MEDIACIÓN

Podemos distinguir tres momentos e 6 fases:

- a) *ANTES DO ENCONTRO.*
- b) *DURANTE O ENCONTRO.*
- c) *DESPOIS DO ENCONTRO*

a) ANTES DO ENCONTRO:

FASE 1: PREMEDIACIÓN

Obxectivo: Crear as condicións que faciliten o acceso á mediación (colocación dun espazo acondicionado no vestíbulo principal).

Actividades: Determinar a súa viabilidade: o mediador reúne en privado con cada unha das partes. Neste encontro debe:

1. Explicar brevemente en que consiste o proceso.
2. Asegurarse de que os implicados acoden a el voluntariamente.

b) DURANTE O ENCONTRO:

FASE 2: PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO.

Obxectivo: Crear confianza no proceso.

Actividades: Este momento consta de:

1. A presentación da persoa mediadora: esta debe recordar que é imparcial e neutral (non opina), só vela polo respecto das condicións aceptadas.
2. O motivo do encontro: non é outro que as persoas mediadas comprendan que ocorreu e intenten solucionalo. Pero deben ser elas mesmas as que atopan a solución, nunca o mediador ou mediadora.
3. Presentación das condicións do encontro.

As condicións do encontro son:

- Respetar a quenda de palabra.
- Evitar insultos.
- Confidencialidade da partes.
- A solución debe ser atopada e aceptada por ambas partes.
- Os acordos aos que cheguen as partes recollense por escrito nun **compromiso**, que será asinado polos alumnos/as implicados.

- Seguimento do acordo se as partes o desexan.

FASE 3: CÓNTAME.

Obxectivos: Poder expresar a súa visión do conflito e expresar os seus sentimentos. Poder desafogarse e sentirse escoitado.

Actividades: É o momento de contar o que pasou. A función do mediador é:

- escoitar a ambas partes con imparcialidade, identificando as causas do conflito.
- Velar pola escoita activa de cada parte e polo respecto das quendas de palabra.

FASE 4: CLAREXAR O PROBLEMA.

Obxectivo: Identificar en qué consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes.

Actividades:

- Axudar coas súas preguntas a aclarar que é o que pasou.
- Concretar o problema.
- Identificar aos protagonistas do conflito.
- Axudar a que cada un entenda como se sentiu o outro.
- Axudar ás partes a poñerse no lugar do outro.

FASE 5. PROPOR SOLUCIÓN.

Obxectivo: Tratar cada tema e buscar posibles vías de arranxo.

Actividades: Nesta parte, o mediador debe guiar ás persoas mediadas para que elas mesmas proponhan solucións.

- ¿Como se poden solucionar?
- ¿Como se quedarían satisfeitos?
- ¿Que estarían dispostos a facer para solucionalo?

FASE 6. CHEGAR A UN ACORDO.

Obxectivo: Chegar a un acordo que satisfaga a ambas partes.

- **Actividades:** Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades e identificar aquelas respectadas polas partes en conflito.
- Redactar un acordo por escrito.
- Acordar as datas para un posible seguimento dese acordo.

c) **DESPOIS DO ENCONTRO:**

Tras a mediación é o momento de:

- **Realizar o seguimento do caso:** o seguimento pode ser levado a cabo polos mediadores ou mediadoras do caso, baixo a **supervisión dos coordinadores.**
- De ser o caso dunha mediación con falta de disciplina ou incumprimento das normas do Centro, os profesores coordinadores derivarán o seguimento á Xefatura de Estudos, a Dirección do Centro ou ao Dto. de Orientación.

ACTIVIDADES DO PROGRAMA, RESPONSABLES E TEMPORALIZACIÓN.

ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
1. Elaboración do “Programa de Mediación entre iguais”.	Equipo de Convivencia	1º/2º trimestre
2. Sensibilización da comunidade educativa: Presentación do programa ao Claustro, para ser comentado por todos os docentes.	Comunidade Educativa.	Finais do 2º trimestre
3. Traballo nas titorías: 3.1. Explicación do concepto de Mediación, os obxectivos do programa de mediación, os contidos, as características do mediador/as, etc. Explicación do Programa sobre a mediación, nos diferentes niveis educativos. 3.3. Captación do alumnado mediador: <ul style="list-style-type: none"> • Presentación voluntaria dos mediadores, e votación secreta polo grupo-aula, dos alumnos mediadores/as. • Elección de 2/3 alumnos por curso dos seguintes cursos: 5º A – 5º B – 6º A – 6º B • Elección de 4 alumnos de 4ºA e 4ºB que aínda non mediarán pero participarán no programa asistindo as reunións coa idea de formalos para o seguinte curso 	Titores/as	Finais do 2º trimestre

ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
4. Aprobación do “Programa de Mediación entre iguais” nos seguintes Órganos do Centro, para a súa inclusión no Plan de Convivencia: Comisión de Convivencia Claustro de Mestres. Consello Escolar.	Comunidade Educativa.	2º trimestre curso 2.014-2015
5. Presentación dos profesores/as coordinadores do Programa no Claustro (Orientador e xefatura de estudos).	Claustro	Finais do 2º trimestre
6. Introducción do Programa nos Plans do Centro: <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do Programa de Mediación entre Iguais no Plan de Convivencia. • Introducción do Programa no NOF. 	Equipo Directivo Dto. Orientación	2º trimestre curso 2014-2015
7. Comunicación ás familias do “Programa de Mediación entre Iguais”, a través de: <ul style="list-style-type: none"> • Envío dunha circular. • A Dirección enviará unha carta aos pais dos alumnos elixidos como mediadores/as, para informarlles sobre este Programa, e para solicitar o seu consentimento. 	Equipo Directivo. Dto. Orientación	Principio do 3º trimestre.
ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
8. Publicidade do Programa. Deseño de carteis publicitarios sobre o Programa de Mediación entre iguais, e exposición nos corredores.	Profesores/as coordinadores/as.	2º/ 3º trimestre
9. Formación:	Dirección	2º trimestre

<ul style="list-style-type: none"> • Do profesorado: Presentación do proxecto polo Orientador. • Do alumnado mediador: Obradoiro de Mediación impartido en 18 sesións na Hora de Lectura (De 12:00 a 12:20). 	Dto. Orientación	
10. Presentación oficial á comunidade educativa dos alumnos/as mediadores/as, a través de carteis coas fotos e nomes dos mediadores.	Comunidade Educativa	2º/3º trimestre
11. Establecemento de espazos para levar a cabo as mediacións: <ul style="list-style-type: none"> • Determinación dos Recunchos de mediación no Centro. • Lugares reservados para a Mediación. 	Xefatura de Estudos. Profesores/as coordinadores/as.	3º trimestre
12. Coordinación e seguimento do servizo <ul style="list-style-type: none"> • A coordinación farase mensualmente por parte dos coordinadores na reunión de CCP. • O Orientador e/ou a Xefa de Estudos terá unha reunión quincenal cos alumnos/as mediadores. 	Membros da CCP Xefatura de estudos. Orientador	Mensualmente e quincenalmente
13. Avaliación da medida	Comunidade Educativa	Final de curso
15. Consolidación do programa: A finais de curso, pódese chamar aos alumnos/as mediadores/as, para agradecerlles o traballo. Retíranse os de 6º e preséntase aos de 4º, para o seguinte ano, recibindo o apoio de toda a comunidade.	Comunidade Educativa	Final de curso

AVALIACIÓN

¿Qué se avalía?

- A porcentaxe de mediacións resoltas (nas que se cumpriron os acordos).
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Grao de implicación da comunidade educativa.
- Grao de coñecemento da comunidade educativa do Servizo de mediación.

¿Cando?

O proceso de avaliación terá os seguintes momentos:

- Avaliación Inicial da posta en marcha do servizo de mediación.
- Avaliación continua: farase mensualmente na reunión de CCP. O Orientador e/ou a Xefa de Estudos terá unha reunión quincenal cos alumnos/as mediadores para a postas en común do funcionamento, actividades, rexistros, etc.
- Avaliación final: A final de curso realizarase unha reunión final, para avaliar os resultados e analizar enquisas

A mediación funcionará unicamente durante os recreos, co fin de non prexudicar aos alumnos que participan voluntariamente como mediadores. No caso de que soe o timbre durante a mediación, facilitaráselles uns minutos para rematar o procedemento, co fin de non prolongalo no tempo. Se esta non se resolve positivamente acudirase ao profesorado de garda.

